



Orde do **xx de xx de 2023** pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería.

O Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario docente que imparten ensinanzas en niveis non universitarios dispón no seu artigo 5 que se cubrirán en réxime de comisión de servizos, por concurso de méritos específicos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, aquelas prazas que teñan por obxecto fomentar a investigación, favorecer a elaboración de proxectos que inclúan innovacións curriculares, metodolóxicas, tecnolóxicas, didácticas e de organización de centros docentes.

En consecuencia e sobre a base da autorización expresa que figura na Disposición derradeira primeira dese decreto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

ACORDA:

Artigo 1. *Obxecto*

Convocar concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación para adxudicar en comisión de servizos as prazas que figuran no anexo I desta orde.

Artigo 2. *Participantes e requisitos*

Poderá participar nesta convocatoria o persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

Aínda que concurse a máis dunha praza o persoal concursante presentará unha única solicitude axustada ao modelo que figura como anexo II, coa que achegará cuberta a folla de autobaremación que figura como anexo IV, a documentación acreditativa de que posúen os requisitos exixidos para a praza que solicitan e a que se indica no baremo que figura como anexo III para a acreditación dos méritos que alegue.

O profesorado que completou o expediente persoal no enderezo web: <https://www.edu.xunta.es/datospersoais>, só deberá xuntar a documentación acreditativa dos novos méritos que alegue.



En todo caso, non se terán en conta nin se valorarán os méritos nin os servizos alegados e non xustificadas debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo ao que se refire o artigo 4.

As persoas concursantes presentarán ademais un proxecto de traballo por cada posto que soliciten, que versará sobre as liñas básicas de actuación para o desenvolvemento das funcións inherentes a cada posto, tendo en conta as características destes, cunha extensión máxima de 20 folios, a unha soa cara, a dobre espazo e tamaño DIN-A4 e cunha letra tipo Arial, tamaño once puntos sen comprimir.

Artigo 4. Lugar e prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes para tomar parte nesta convocatoria, dirixidas ao director xeral de Centros e Recursos Humanos, será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e poderán presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia (edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela), ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de optar pola presentación da solicitude e demais documentación ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa selada e datada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

Logo de rematado o prazo de presentación de solicitudes e demais documentación, non se admitirá ningunha modificación nas peticións formuladas. Non obstante o anterior, admitirase a renuncia á participación no concurso de méritos específico dentro do prazo de reclamacións á resolución provisional establecido no punto 1 do artigo 7, entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións formuladas.

Artigo 5. Comisión de selección

1. A selección das persoas aspirantes será realizada por unha comisión integrada polos seguintes membros:

Presidencia: o director xeral de Centros e Recursos Humanos ou persoa en quen delegue, en función dos distintos postos que se vaian cubrir.

Vogalías: ata un máximo de catro vogais, entre persoal funcionario de carreira que ocupe postos de subdirección xeral ou xefatura de servizo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.



Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actuará como secretario ou secretaria con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da comisión con voz e sen voto. Coa debida antelación, o nome da persoa representante seralle comunicado ao presidente da comisión de selección.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para colaborar na valoración daqueles méritos e/ou proxectos de traballo que coiden pertinentes. Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear unha persoa representante para a asistencia ás sesións da subcomisión con voz e sen voto.

3. Os membros da comisión e, de ser o caso, da subcomisión, estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme ó Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25), modificado polo Decreto 144/2008, de 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) e polo Decreto 96/2011, do 5 de maio (DOG do 30 de maio, c. de erros do 1 de xuño) estando cualificadas na categoría primeira.

Artigo 6. *Proceso de selección*

O proceso de selección constará de dúas fases. Unha primeira en que se valorarán os méritos alegados e o proxecto presentado e unha segunda en que se poderá realizar unha entrevista ao persoal aspirante que supere a primeira fase.

Primeira fase de selección:

1. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada aspirante, como resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listas publicaranse no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/>.

2. O persoal aspirante poderá presentar as alegacións que estime convenientes contra a listaxe provisional, dirixidas ao presidente da comisión de selección, no prazo de tres días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 4 desta orde e ademais deberán presentarse por medio dun correo electrónico dirixido ao enderezo sxp@edu.xunta.gal.

3. Logo de estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, no portal de Internet da



Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
<http://www.edu.xunta.gal/>.

Segunda fase de selección:

1. Todo o persoal aspirante que obteña unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto poderá ser convocado pola comisión de selección á realización dunha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que concorren nel, e que versará sobre o proxecto presentado.
2. O persoal aspirante que non acade unha puntuación mínima de 3 puntos no proxecto e de 4 puntos na entrevista, de ser o caso, non poderá ser proposto pola comisión. Será seleccionado aquel persoal aspirante que obtendo as puntuacións mínimas sinaladas acade as maiores puntuacións no total das epígrafes contidas no baremo establecido no anexo III, para a praza que solicitan.
3. No caso de se produciren empates no total de puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nas epígrafes 6, 3, 1 e 5 do baremo.

Artigo 7. Proposta de nomeamento.

1. A relación provisional do persoal concursante seleccionado, farase pública no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/>. Establecerase un prazo de tres días hábiles para que o persoal interesado poida efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente. As reclamacións presentaranse de acordo co artigo 4 desta orde e ademais deberán presentarse por correo electrónico dirixido ao enderezo sxp@edu.xunta.gal.
2. Logo de resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a Comisión remitiralle ao conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final das persoas seleccionadas con mención do posto que se adxudicará a cada unha delas.

Artigo 8. Resolución da convocatoria.

1. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades publicará no portal de Internet da consellería <http://www.edu.xunta.gal/> a resolución definitiva do concurso. Contra a resolución da convocatoria, que lle pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante o conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa



publicación no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades <http://www.edu.xunta.gal/> de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso Administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O persoal docente que resulte seleccionado pola presente convocatoria quedará adscrito aos postos adxudicados a partir do 1 de setembro de 2023, cesarán nos seus postos con data 31 de agosto do mesmo ano, e permanecerán neles en réxime de comisión de servizos, con reserva de posto de traballo de orixe, por un período dun ano, renovable ano a ano ata un máximo de seis. Establecerase un proceso de avaliación do exercicio da súa actividade que, no caso de ser positiva, determinará a súa continuidade. Esta avaliación será realizada por unha comisión coa mesma composición establecida no artigo 5 desta orde, logo dos informes que estime oportunos.

Artigo 9. Devolución da documentación presentada.

O persoal interesado ou quen actúe na súa representación legal poderá retirar a documentación presentada para acreditar os méritos alegados na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo de trinta días pasado un mes dende a publicación no portal de Internet da consellería <http://www.edu.xunta.gal/> da resolución definitiva do concurso.

Artigo 10. Retribucións

Para os efectos de retribucións, en concepto de complemento específico, o persoal funcionario docente que resulte seleccionado poderá percibir o complemento específico correspondente ao asesor técnico docente, segundo o establecido no anexo V, 2º da Orde do 19 de xaneiro de 2023 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2023 (DOG n.º 14, do 20 de xaneiro de 2023).

Disposición adicional

1. Os requisitos para participar nesta convocatoria e os méritos que aleguen as persoas solicitantes deberán estar referidos á data de finalización do prazo de solicitudes.
2. Todos os méritos que consten no expediente do persoal participante non terán que xustificalos.
3. No que atinxe aos méritos dos apartados 1 e 4 do baremo que figura como anexo II non se computarán as fraccións inferiores a un ano.



4. A titulación de grao valorarase como unha titulación de segundo ciclo sempre e cando non sexa alegada para o ingreso non corpo.

5. As actividades de formación do profesorado a partir do 23 de maio de 2013 deberán cumprir co establecido na Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia (*DOG* n.º 96, do 22 de maio).

Disposición derradeira

Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, xx de xx de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Román Rodríguez González



ANEXO I

Nº Posto	Denominación da praza	N.º de prazas	Requisitos	Destino	Funcións
-------------	-----------------------	------------------	------------	---------	----------



Anexo II

PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
Concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE						
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF
TIPO	NOME DA VÍA		NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL		CONCELLO			PROVINCIA	
TELÉFONO			TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO	
CORPO AO QUE PERTENCE			CÓDIGO CORPO			
ESPECIALIDADE			CÓDIGO ESPECIALIDADE			

DATOS DESTINO		
CENTRO DESTINO DEFINITIVO 2022/2023	CÓDIGO CENTRO	LOCALIDADE
CENTRO DESTINO PROVISIONAL 2022/2023	CÓDIGO CENTRO	LOCALIDADE

PRAZAS QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA		
ORDE PREFERENCIA	DENOMINACIÓN DA PRAZA	Nº DE POSTO SEGUNDO CONSTA NO ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA SOLICITANTE
A persoa solicitante declara:
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que achega son certos.
2. Que reúne os requisitos exixidos neste concurso de méritos específico e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se for necesario.

LEXISLACIÓN APLICABLE
Orde do xx de xx de 2023 pola que se convoca concurso público de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE
Lugar e data
, de de de



ANEXO III
BAREMO

MÉRITOS	PUNTUACIÓN	TOTAL PUNTOS MÁXIMO	DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS (ver artigo 3)
1.- Antigüidade: Por cada ano de servizos como persoal funcionario....	0,50 puntos	5 puntos	
2.- Méritos académicos: 2.1.Polo título de doutoramento..... 2.2. Titulacións de segundo ciclo: por cada licenciatura, enxeñería, arquitectura ou títulos declarados legalmente equivalentes..... 2.3.- Titulacións de primeiro ciclo: pola segunda diplomatura ou os 3 primeiros cursos dunha licenciatura.....	1,5 punto 1 punto 0,25 puntos	2 puntos	Copia das titulacións alegadas, se é o caso
3.- Formación e perfeccionamento: 3.1 Por cursos superados homologados e que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.2 Por cursos superados homologados e que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.3 Por cursos superados non homologados que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.4 Por cursos superados non homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas). 3.5 Por cursos impartidos homologados e que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas). 3.6 Por cursos impartidos homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas). 3.7 Por cursos impartidos non homologados que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas). 3.8 Por cursos impartidos non homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas).	Ata 2 puntos Ata 1,50 puntos Ata 1 punto Ata 0,50 puntos Ata 1,25 puntos Ata 0,75 puntos Ata 0,50 puntos Ata 0,50 puntos	8 puntos	Copia da documentación alegada, se é o caso.
4.Servizos relacionados co posto: Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionados coas funcións do posto de asesoría que solicita.	0,20 puntos	2 puntos	Certificación de servizos ou nomeamento, se é o caso
5. Proxecto de traballo: O contido do proxecto de traballo deberá respectar os puntos do anexo V 3 puntos)	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	Orixinal, cunha extensión máxima de 20 folios



6.- Entrevista sobre o proxecto presentado (puntuación mínima esixida por este apartado: 4 puntos)	Ata 6 puntos	Ata 6 puntos	
---	--------------	--------------	--

ANEXO IV

FOLLA DE AUTOBAREMACIÓN

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
MÉRITOS		PUNTUACIÓNS PARCIAIS	TOTAIS
1.- ANTIGÜIDADE (Máximo 5 puntos) Por cada ano como persoal de funcionario no corpo docente.....		0,5 puntos	
2.- MÉRITOS ACADÉMICOS (Máximo 2 puntos)		1,5 puntos	
2.1 - Polo título de doutoramento.....		1 punto	
2.2.- Titulacións segundo ciclo		1 punto	
2.3.- Titulacións primeiro ciclo			
3.-FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (Máximo 8 puntos)		Ata 2 puntos	
3.1 Por cursos superados homologados e que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).....		Ata 1,5 puntos	
3.2 Por cursos superados homologados e que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).....		Ata 1 punto.	
3.3 Por cursos superados non homologados que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).....		Ata 0,50 puntos	
3.4 Por cursos superados non homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,10 puntos por cada 10 horas).....		Ata 1, 25 puntos	
3.5 Por cursos impartidos homologados e que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas).....		Ata 0,75 puntos	
3.6 Por cursos impartidos homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas).....		Ata 0,50 puntos	
3.7 Por cursos impartidos non homologados que estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas).....		Ata 0,50 puntos	
3.8 Por cursos impartidos non homologados que non estean directamente relacionados co posto ao que se pretende acceder (0,30 puntos por cada 10 horas).....		0,20 puntos.	
4.- SERVIZOS RELACIONADOS CO POSTO (Máximo 2 puntos)			



Por cada ano de servizo en postos da Administración educativa relacionadas coas funcións do posto que solicita		
--	--	--

ANEXO V

Contido do proxecto que deben presentar as persoas aspirantes ás prazas desta convocatoria.

Proxecto de actuación adaptado á asesoría/departamento ao que se opta:

- a) Contextualización no sistema educativo e nas ensinanzas ás que están dirixidas as tarefas da praza á que se opta.
- b) Proposta de actuación para a praza á que se opta na que se deberán reflectir: obxectivos, planificación xeral, actividades, xustificación, definición e posibles resultados así como medición e valoración dos mesmos.
- c) Aportacións persoais.